


ACTA DO COMITÉ DE AVALIACIÓN DOS PROXECTOS E CARTEIS PRESENTADOS NO IV FORO DE INNOVACIÓN PRODUCTIVA DO SECTOR AGARIO



PRESIDENTE:

D. José Luis Cabarcos Corral (Director da AGACAL)

Vogais:

1. **Vogal 1: Josep Usall Rodié (Director General del IRTA)**
2. **Vogal 2: Ricardo Rivas Barros (Jefe de Área de Calidad Diferenciada)**
3. **Vogal 3: Pablo Lúgaro Seco (Jefe del Departamento de Investigación y Transferencia)**
4. **Vogal 4: Xiana Perales Arroyo (Jefe del Departamento de Formación)**
5. **Vogal 5: Abelardo Nimo Silva (Director del Centro de Investigaciones Agrarias de Mabegondo-CIAM)**
6. **Vogal 6: Enrique Martínez Chamorro (Director del Centro de Investigación Forestal de Lourizán-CIFL)**
7. **Vogal 7: Joaquín García López (Departamento de Gestión de la Innovación, Área de Programas, Agencia Gallega de Innovación-GAIN)**

Secretario:

D. Manuel López Luaces (Xefe de Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria).

Nas instalacións do Centro de Formación e Experimentación Agraria de Sergude, en Boqueixón, A Coruña, sendo as 18:00 horas do día dous de febreiro de dous mil vinte e catro, se reúne o Comité avaliador do IV Foro de Innovación Productiva do Sector Agrario, cuos integrantes se citan no encabezado, para proceder ás deliberacións e selección dos tres proxectos máis relevantes de entre os expostos durante a celebración do IV Foro de Innovación Productiva do Sector Agrario, aos que se lles concede unha mención especial, así como a selección dos tres mellores carteis de entre os expostos, baixo a presidencia de Don José Luis Cabarcos Corral, director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Os proxectos avaliados son os desenvolvidos ao abeiro da Resolución do 3 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de



concorrenza competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e que se convocaron para o ano 2021 (código de procedemento MR331A), publicada no DOG nº 33, do 18 de febreiro de 2021.

Os proxectos foron presentados polas entidades promotoras en quendas de exposición de 10 minutos, seguidos duns 5 minutos de preguntas formuladas polos membros do comité e o público asistente, entre as 9:30 h e as 17:45 horas do día 02 de febreiro de 2024. O contido dos relatorios debían responder á seguinte estrutura:

- Título da iniciativa.
- Ámbito territorial da mesma.
- Breve presentación das entidades participantes no proxecto xustificando a complementariedade entre perfís e o equilibrio na composición do grupo formado en relación cos obxectivos do proxecto.
- Reparto económico total do proxecto e por entidade e breve explicación das partidas máis relevantes.
- Problema que se pretendía resolver ou mellora que se buscaba.
- Fases ou estrutura do proxecto indicando a participación de cada membro.
- Resultados obtidos fronte á expectativa inicial.
- Aplicabilidade ao sector produtivo do rural galego.
- ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) que resolve.

Ademáis, para cada proxecto se solicitaron dous paneis tamaño A1 que deberían conter a seguinte información:

1º panel (Introdución).

- Nome da empresa impulsora do proxecto.
- Ámbito territorial.
- Título do proxecto.
- Orzamento total e partidas máis relevantes.
- Cooperantes, orzamento asignado e breve indicación que xustifique a súa participación.
- Obxectivo do proxecto. Problema que pretendía resolverse ou mellora que se buscaba.
- Referencias na divulgación.

2º panel (Oxectivos acadados):

- Resultados acadados fronte á expectativa inicial, que xustifican a inversión.
- Aplicabilidade ao sector produtivo.
- ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) que resolven.



Como resultado da exposición de todos os proxectos e tras as deliberacións oportunas, o Comité Avaliador do IV Foro de Innovación Produtiva do Sector Agrario, por unanimidade dos compoñentes, propoñen como proxectos merecedores dunha mención especial pola súa relevancia, calidade e aplicabilidade os que a continuación se detallan:

1. FEADER 2021/064A
AGROPURÍN-Sistema modular de vermixelación de xurros para a súa valorización como fertilizante.
Entidade beneficiaria: ECOCELTA GALICIA, S.L.
2. FEADER 2021/023A.
VALNASOM-Valorización da nata do soro mediante a produción de manteiga premium.
Entidade beneficiaria: QUEIZUAR, S.L.
3. FEADER 2021/070A.
NEMATODO-SCREEN-Infravermello cercano para seleccionar por susceptibilidade ao nematodo.
Entidade beneficiaria: MADERA PLUS CALIDAD FORESTAL, S.L.

Sección Carteis: Tras a revisión detallada e as deliberacións oportunas, o Comité Avaliador outorga as mencións especiais aos carteis correspondentes aos seguintes proxectos:

1. FEADER 2021/038A
APIXEN
Entidade beneficiaria: ASEFOGA-Asociación Sectorial Forestal Galega.
2. FEADER 2021/035A.
Revalorización da horta ecolóxica hacia alimentos mínimamente procesados.
Entidade beneficiaria: CONSERVAS DO TÁMEGA, S.L.
3. FEADER 2021/053A.
BIOPROINSECT-Bioprosado de insectos para obtención de produtos de valor engadido.
Entidade beneficiaria: GALINSECT, S.L.

O Presidente do Comité Avaliador, antes de dar por concluída a reunión, agradece a todos os compoñentes do mesmo a súa valiosa aportación para dar a coñecer os proxectos Piloto máis relevantes e con maior proxección para o agro galego de entre todos os desenvolvidos ao abeiro da Resolución do 3 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases



reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocaron para o ano 2021 (código de procedemento MR331A), publicada no DOG nº 33, do 18 de febreiro de 2021.

Sendo as 19:30 horas do día referenciado, o presidente do Comité Avaliador do IV Foro de Innovación Produtiva do Sector Agrario da por concluído o acto de avaliación do que, como secretario do mesmo, asino a presente acta có visto bo do Presidente.

VºBº

Asdo.- Manuel López luaces
Secretario do Comité Avaliador

Asdo.- José Luis Cabarcos Corral
Presidente do Comité Avaliador

